

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 11 DE ABRIL DE 2023**

### **PRESIDENTE:**

O alcalde, D. Óscar A. García Patiño

### **ASISTENTES:**

D. Juan González Leirós  
D.<sup>a</sup> Lúa Sanguñedo Álvarez  
D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto  
D. Daniel Mallo Castro  
D.<sup>a</sup> María Dolores Pan Lesta  
D. Diego Alcantarilla Rei

### **NON ASISTE:**

D.<sup>a</sup> Elisa Pestonit Barreiros

### **SECRETARIA XERAL:**

D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día once de abril do ano dous mil vinte e tres, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. Óscar A. García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Juan González Leirós, D.<sup>a</sup> Lúa Sanguñedo Álvarez, D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, D. Daniel Mallo Castro, D.<sup>a</sup> María Dolores Pan Lesta e D. Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste á sesión a Sra. concelleira D.<sup>a</sup> Elisa Pestonit Barreiros.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

## **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 4 DE ABRIL DE 2023**

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 4 de abril de 2023, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 4 de abril de 2023.

## **2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA**

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Orde HFP/329/2023, de 4 de abril, do Ministerio de Facenda e Función Pública, pola que se fixan as cantidades das subvencións aos gastos orixinados por actividades electorais para as eleccións locais de 28 de maio de 2023. BOE núm. 81, do 05-04-2023.
- Resolución de 3 de abril de 2023, da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional, Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, pola que se actualiza o Anexo 1 incluído na Resolución de 4 de

xullo de 2017, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas e entidades locais. BOE núm. 81, do 05-04-2023.

- Resolución de 5 de abril de 2023, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se fai público o punto primeiro do acordo da Xunta Electoral Central, de 16 de marzo de 2023, polo que se aproban os modelos de actas que se van a utilizar nas eleccións aos órganos de goberno das entidades locais menores, convocadas polo Decreto 26/2023, de 30 de marzo. DOG núm. 68, do 10-04-2023.

- Orde PCM/337/2023, de 4 de abril, do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática, pola que se publica o acordo do Consello de Ministros de 14 de marzo de 2023, polo que se establecen obrigas de servizo público ao prestador do servizo postal universal nas eleccións que se convoquen durante 2023. BOE núm. 82 do 06-04-2023.

- Resolución de 30 de marzo de 2023, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se publica o acordo do Pleno de 29 de marzo de 2023, que aproba a Instrución relativa á fiscalización das contabilidades das eleccións locais e autonómicas de 28 de maio de 2023. BOE núm. 82 do 06-04-2023.

- Anuncio da Delegación provincial da Coruña, Instituto Nacional de Estatística respecto da publicación de seccións, mesas e locais electorais para as eleccións locais 2023. BOP núm. 67 do 10-04-2023.

- Anuncio da Xunta Electoral de Zona da Coruña, respecto da constitución da Xunta Electoral de Zona da Coruña. BOP 11-04-2023.

### **3.- PROPOSTAS**

#### **3. 1- PROPOSTA DE DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA POR IMPORTE DE 14.122,63 EUROS CONSTITUIDA POLA ENTIDADE ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A., CON CIF A15008485, PARA A OBRA "MANTEMENTO DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NO TERMO MUNICIPAL DE CAMBRE"**

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 4 de abril de 2023 (CVD: HI63TBA+j3r/csbd1vsU), que transcrita di:

#### **"PROPOSTA DA CONCELEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Visto que o contrato da obra "Mantenemento de camiños municipais no termo municipal de Cambre" foi adxudicado mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 31.08.2021, á empresa ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A. no prezo ofertado de 341.767,57 euros (IVE incluído), sendo formalizado con data 03.09.2021.

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía definitiva constituída mediante aval da entidade Banco Santander, S.A. de data 17 de agosto de 2021 por importe de 14.122,63 € (inscrito no rexistro especial de avais con número 0049 0007 21 2110001504) depositado na Tesourería municipal con data 17.08.2021 (número de rexistro 1022).

Visto o informe emitido polo enxeñeira técnica de obras públicas municipal, Elena Bartolomé Delanoë, con data do 28 de febreiro de 2023, (CVD: ru2tGvX5STSmMgQ+xG+o) no que entre outras cousas sinala que:

*“(...)Tendo transcorrido o prazo dun ano de garantía desde a recepción da obra, e a teor do establecido no artigos 102, 222.3 y 235 do TRLCSP e Disposición transitoria 1ª da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público o técnico informante fai constar:*

*1.- Que por parte do informante non se formula ningunha obxección, polo que pode considerarse extinguida a responsabilidade do contratista e levar a cabo a devolución do depósito definitivo constituído por importe de 14.122,63 €. (...)*

Visto o informe de fiscalización JUA NUM 117/2023 emitido polo Interventor Municipal con data do 31 de marzo 2023, de carácter favorable (CVD: stOopB6VJTtT22ltu6oH).

A teor do establecido no arts. 107- 111 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector Público, pola que traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Devolver a garantía definitiva por importe de 14.122,63 euros constituída pola entidade Arias Infraestructuras, S.A., con CIF A15008485, mediante aval no expediente número 2021/C003/000003, para a obra “Mantemento de camiños municipais no termo municipal de Cambre”.

**Segundo:** Notificar este acordo ao interesado e dar traslado do mesmo a Intervención e Tesourería municipais.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 4 de abril de 2023 (CVD: HI63TBA+j3r/csbd1vsU), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

### **3.2.- PROPOSTA DE DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA POR IMPORTE DE 34.602,42 EUROS CONSTITUIDA POLA ENTIDADE JARDINERÍA ARCE, S.L., CON CIF B15547979, PARA A OBRA “REMODELACIÓN DA PRAZA EUROPA EN CAMBRE. FASE II”.**

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 4 de abril de 2023 (CVD: i81Vclq9RaWuYaY2OZJD), que transcrita di:

#### **“PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Visto que o contrato da obra “Remodelación da Praza Europa en Cambre. Fase II” foi adxudicado mediante acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión ordinaria de data 10.12.2019, á empresa JARDINERÍA ARCE, S.L. no prezo ofertado de 94.800,00 euros (IVE incluído), sendo formalizado con data 16.12.2019.

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía definitiva constituída mediante aval da entidade Bankia, S.A. por “ACOPIO DE MATERIALES PARA LA OBRA DE REMODELACIÓN DE LA PLAZA EUROPA EN CAMBRE, FASE II” de data 17 de decembro de 2019 por importe de 34.602,42 € (inscrito no rexistro especial de avais con número 2019025239) depositado na Tesourería municipal con data 20.12.2019 (núm. de rexistro 921).

Visto o informe emitido pola Arquitecta Técnica Municipal, dona Susana Bahamonde López con data do 24 de febreiro de 2023, (CVD: BYEqVJYZqyAjhJEWrb) no que sinala:

*“(…)Con fecha 22/12/2022, número de registro 202199900007046, se presenta por JARDINERÍA ARCE S.L., solicitud de devolución del aval aportado con fecha 20/12/2019, para garantizar el acopio de materiales de la obra de referencia;*

*Ya se han realizado, en las correspondientes certificaciones, las deducciones para el reintegro de los abonos a cuenta percibidos, conforme al artículo 240 LCSP.*

*A la vista de lo anterior y teniendo en cuenta la cláusula 30.4.4 del Pliego de Cláusulas Administrativas que rigió para la contratación de la obra, procede la devolución de la garantía constituída en su día con el aval de 34.602,42€, de fecha 20/12/2019. (...)”.*

Visto o informe de fiscalización JUA NUM 119/2023 emitido polo Interventor Municipal con data do 01 de abril 2023, de carácter favorable (CVD: aLe9XSnxCW9/p04mzfP6).

A teor do establecido no arts. 107- 111 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector Público, pola que traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

**Primeiro:** Devolver a garantía definitiva por importe de 34.602,42 euros constituída pola entidade Jardinería Arce, S.L., con CIF B15547979, mediante aval por acopios de materiais no expediente número 2019/C003/000001, para a obra “Remodelación da Praza Europa en Cambre. Fase II”.

**Segundo:** Notificar este acordo ao interesado e dar traslado do mesmo a Intervención e Tesourería municipais.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 4 de abril de 2023 (CVD: i81Vclq9RaWuYaY2OZjD), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

#### **4.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLOS CONCELLEIROS DELEGADOS DA ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área, ditadas dende o día 31 de marzo ao 4 de abril de 2023, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 564/2023 e rematan coa resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos núm. 602/2023, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
564/2023	30-03-2023	Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para acordar a ampliación do prazo de execución do LOTE 2, A Barcala, da obra de Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública de determinadas zonas: A Barcala, Cambre, Polígono de Espírito Santo e O Temple, mediante implementación de solucións LED (expediente TEdC 2021/C003/000009). Ampliar o prazo de execución da obra correspondente ao LOTE 2, A Barcala, da contratación de Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública de determinadas zonas: A Barcala, Cambre, Polígono de Espírito Santo e O Temple, mediante implementación de solucións LED (expediente TEdC 2021/C003/000009), ata o 2 de xuño de 2023
565/2023	31-03-2023	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a DGS por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio,



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		incumpríndose co establecido no artigo 54.1 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
566/2023	31-03-2023	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 4 de abril de 2023
567/2023	31-03-2023	Conceder a UFD, DE licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 25 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica ao edificio sito na rúa Tapia, parroquia do Temple
568/2023	31-03-2023	Conceder a UFD DE SA, a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 40 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á vivenda unifamiliar sita na rúa O Toural, parroquia de Cambre
569/2023	31-03-2023	Declarar a JLC, responsable dunha infracción leve consistente na realización dun grafiti nun contenedor de roupa sito fronte á rotonda do Paraguas en O Temple, tipificada no artigo 158.4 d) da 2/2016, do 10 de febreiro, e como consecuencia impoñerlle a sanción de multa de 100 euros, de acordo co establecido no artigo 161.1 b) da dita Lei
570/2023	31-03-2023	Incoar expediente de orde de execución a EFGS para a corrección do estado de inseguridade derivado do deficiente estado das árbores e do talude existente na parcela sita no lugar Picardos, Anceis, segundo o disposto nos artigos 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e no artigo 19 da ordenanza municipal de limpeza viaria
571/2023	31-03-2023	Iniciar expediente de orde de execución a UFD DE SA., co fin de que procedan á retirada dos vertidos e a reparación da edificación sita en Graduil, Cambre, segundo o disposto nos artigos 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e no artigo 19 da ordenanza municipal de limpeza viaria
572/2023	31-03-2023	Aprobar a acreditación do cumprimento das obrigas contraídas pola entidade colaboradora Asociación de Clubs de Fútbol de Cambre dentro do convenio de promoción do fútbol durante 2021
573/2023	31-03-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
574/2023	31-03-2023	Revogar aos seguintes beneficiarios, con efectos 1 de xaneiro de 2023, as bonificacións do 100% nas cotas da taxa por subministración de auga potable e da taxa pola rede de sumidoiros, por non achegar debidamente os datos económicos actualizados acreditadores da súa falta de capacidade económica, segundo os informes das técnicos dos servizos sociais municipais, de conformidade co artigo 6 da ordenanza fiscal núm. 9 reguladora da taxa polo servizo da rede de sumidoiros e co apartado 1 do artigo 5 da ordenanza fiscal núm.15 reguladora da taxa por subministración de auga
575/2023	01-04-2023	Aprobar a adhesión ao Programa SON de BARES solicitada por MdelMPM, representando a GS SL, mediante rexistro de entrada núm. 202399900001956, de 23/03/2023, para a realización dun



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		evento na rúa exterior ao seu local Ribadín, coa actuación musical de DJ A3060, en horario de 19:00 a 21:00 horas
576/2023	03-04-2023	Denegar a axuda de emerxencia social para alimentación a CJJ por non estar acreditada a situación de necesidade
577/2023	03-04-2023	Aprobar o padrón das taxas por prestación do servizo público de subministración de auga potable e rede de sumidoiros, así como da prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo de depuración e do canon da auga da Xunta de Galicia, correspondente ao primeiro trimestre de 2023, no que constan 12.623 recibos por un importe de 636.066,19 euros
578/2023	03-04-2023	De conformidade co artigo 1º da Resolución do 20 de marzo de 2023 da Secretaría Xeral da Igualdade da consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, no que se establece o obxecto e finalidade das bases reguladoras que rexerán en réxime de competencia non competitiva as subvencións que están destinadas ao financiamento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero, solicitar unha subvención para a contratación de 4 mulleres vítimas de violencia de xénero para proporcionarlles a experiencia e a práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción no mercado de traballo
579/2023	03-04-2023	Aprobar o padrón do prezo público por actividades deportivas do programa das escolas de actividade física e saúde ano 2023 correspondente ao mes de marzo 2023 que comprende 237 recibos e 123 cotas cero por un importe total de 1.217,44 €
580/2023	03-04-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas por importe total de 58.153,62 euros
581/2023	03-04-2023	Impoñer a MMC unha multa coercitiva polo importe de 1.000 €, polo incumprimento da orde de demolición dictada mediante resolución da alcaldía de data 10 de xuño de 2013, advertíndolle de que se lle poderán impoñer novas multas coercitivas polo dito importe, ata acadar o cumprimento da citada orde de demolición, de acordo co disposto polo artigo 152 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia
582/2023	03-04-2023	Impoñer a LMBH e a RGG unha multa coercitiva polo importe de (1.000 €, polo incumprimento da orde de demolición ditada mediante resolución da alcaldía de data 6 de setembro de 2021, advertíndolle de que se lle poderán impoñer novas multas coercitivas polo dito importe, ata acadar o cumprimento da citada orde de demolición, de acordo co disposto polo artigo 152 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia
583/2023	03-04-2023	Arquivar o expediente número 2020/I002/000039, incoado a JAGG pola construción dun tramo de cerramento en Aian, parroquia de Sigrás, Cambre, carecendo de título habilitante, xa que segundo queda acreditado as obras denunciadas foron regularizadas coa comunicación previa número 2021/U026/000083
584/2023	03-04-2023	Conceder a SMM a licenza para a instalación dunha terraza consistente en catro mesas con dúas cadeiras cada unha durante o ano 2023 fronte á cafetería As Rías do Temple situada na rúa Emilia Pardo Bazán, parroquia do Temple, Cambre, condicionado a que a terraza se instale fronte á fachada do establecemento, sen exceder



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		o fronte do local e deixando libre un espazo mínimo de 2 metros para permitir o paso de peóns, cadeiras de bebé ou persoas con mobilidade reducida
585/2023	03-04-2023	Conceder a O, SC licenza para a instalación dunha terraza consistente en seis mesas con catro cadeiras cada unha durante o ano 2023 fronte á cafetería situada no Paseo Marítimo, parroquia do Temple, Cambre, condicionado a que a terraza se instale na beirarrúa situada fronte á fachada do local, sen exceder o fronte do establecemento e deixando libre un espazo mínimo de 2 metros para o paso de peóns, cadeiras de bebé e persoas con mobilidade reducida
586/2023	03-04-2023	Requirir a DY SL para que, dentro do prazo de cinco días, a contar a partir do seguinte ao desta notificación, proceda á retirada do soportal metálico instalado na fronte da fachada do baixo comercial (cafetería Dólar), sito na rúa Constitución, O Temple, sen título habilitante, ao non ser as ditas obras legalizables polos motivos expostos nos fundamentos xurídicos desta resolución, de acordo co disposto polo artigo 152.3 b) da Lei 2/2016 do solo de Galicia
587/2023	03-04-2023	Declarar a caducidade do expediente nº 07/52/12, incoado a ES pola ampliación dunha nave sen licenza en rúa Zeppelin, do polígono industrial Espírito Santo, sen que se poida iniciar novo expediente pola realización das obras denunciadas ao ter caducado a acción para a reposición da legalidade e ter prescrito a infracción, ordenando o arquivo das actuacións practicadas, quedando a edificación na situación do artigo 90 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, de acordo co disposto no artigo 153.2 do citado texto legal
588/2023	03-04-2023	Conceder a DS, S.L. licenza para a instalación dunha terraza consistente en doce mesas; seis con catro cadeiras e seis con dúas cadeiras durante o ano 2023 fronte á cervexaría situada na rúa Río Mandeo, A Barcala, condicionado a que a terraza se instale adosada á fachada do establecemento e na propia praza, deixando libre un espazo mínimo de 2 metros para permitir o paso de peóns, cadeiras de bebé e persoas con mobilidade reducida
589/2023	03-04-2023	Conceder a VCde S a licenza para a instalación dunha terraza consistente en cinco mesas con catro cadeiras cada unha durante o primeiro trimestre do ano 2023 fronte ao café-bar Bote 97 situado na rúa Pígara, parroquia do Temple, Cambre, condicionado a que a terraza se instale sen exceder o fronte do local, deixando libre un espazo mínimo de 2 metros para o paso de peóns, cadeiras de bebé e persoas con mobilidade reducida e permitindo o libre acceso aos portais e locais lindeiros
590/2023	03-04-2023	Declarar prescrita a infracción consistente na división da nave sita na parcela 19 do Plan Parcial do Espírito Santo, Cecebre, rúa Bell en catro módulos, sen título habilitante, xa que, tal e como certificou o arquitecto colexiado David Boedo Mayo, coa conformidade da arquitecta técnica municipal, segundo informe de data 20 de decembro de 2022, as obras citadas levan máis de 6 anos rematadas e dispostas para o fin para o que foron construídas, quedando a edificación existente na situación do artigo 90.2 da Lei





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, de conformidade co artigo 377.2 do Regulamento da Lei do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro
591/2023	03-04-2023	Solicitar da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade unha subvención para a contratación de catro (4) axentes de protección civil, incluídos nas accións de fomento de emprego e adscritos á concellería de Seguridade Cidadá e Servizos, segundo as contías establecidas no artigo 5 da devandita orde para sufragar os custos salariais dos traballadores/as contratados
592/2023	03-04-2023	Conceder a VM <sup>a</sup> GP a licenza para a instalación dunha terraza consistente en dúas mesas con catro cadeiras cada unha durante o ano 2023 fronte á churrería chocolatería situada na rúa Púmar Méndez, Cambre, condicionado a que a terraza se instale adosada á fachada do establecemento, sen exceder o fronte do local e deixando libre un espazo mínimo de 2 metros para permitir o paso de peóns, cadeiras de bebé ou persoas con mobilidade reducida
593/2023	03-04-2023	Nomear a AVB axente de protección civil interino, encadrado na escala de administración especial, subescala servicios especiales, clase cometidos especiais, pertencente ao subgrupo de clasificación profesional "C2" e adscrito ao departamento de Protección Civil para a provisión do posto vacante de axente de protección civil, de conformidade co art. 23.2a) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia. olicitud selección personal agente protección civil por vacante
594/2023	04-04-2023	Conceder a licenza para a instalación dunha terraza consistente en seis mesas con catro cadeiras cada unha durante o ano 2023 fronte ao café-bar Centro situado na rúa Cruceiro, parroquia de Cambre, condicionado a que a terraza se instale sen exceder o fronte do establecemento e deixando libre na beirarrúa un espazo mínimo de 2 metros para o paso de peóns, cadeiras de bebé e persoas con mobilidade reducida. Solicitante AMRV
595/2023	04-04-2023	Conceder a licenza para a instalación dunha terraza consistente en tres mesas con catro cadeiras cada unha durante o ano 2023 fronte ao café-bar Tapeteo situado na rúa Polígono, parroquia do Temple, condicionado a que a terraza se instale fronte á fachada do establecemento, sen exceder o fronte do local e deixando libre un espazo mínimo de 2 metros para o paso de peóns, cadeiras de bebé e persoas con mobilidade reducida. Solicitante: T, S.C.
596/2023	04-04-2023	Conceder a licenza para a instalación dunha terraza consistente en dúas mesas con dous bancos cada unha e unha mesa alta durante o ano 2023 fronte á Pulpeira situada na rúa Pintor Pablo Manzano, Cambre, condicionado a que a terraza se instale pegada á fachada do establecemento, sen exceder o fronte do local e dentro da zona de soportais, deixando libre o acceso a rampla existente para permitir o paso de peóns, cadeiras de bebé ou persoas con mobilidade reducida. Solicitante: APS
597/2023	04-04-2023	Conceder a licenza para a instalación dunha terraza consistente en catro mesas con tres cadeiras cada unha durante o ano 2023 fronte ao café bar Café de Mercedes situado na rúa Rosalía de Castro, O Temple, Cambre, condicionada a que a terraza se instale adosada á



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		fachada do establecemento, sen sobrepasar o fronte do local e deixando libre un espazo mínimo de 2 metros para o paso de peóns, cadeiras de bebé e persoas con mobilidade reducida. Solicitante: MAC
598/2023	04-04-2023	Conceder a licenza para a instalación dunha terraza consistente en dezaseis mesas con catro cadeiras cada unha e 5 barrís durante o ano 2023 fronte ao café-bar Matrioska situado na rúa Río Brexa, 5 baixo, A Barcala, Cambre, condicionado a que a terraza se instale fronte á fachada do establecemento sen exceder o fronte do local e deixando libre un espazo mínimo de 2 metros para permitir o paso de peóns, cadeiras de bebé e persoas con mobilidade reducida. Solicitante: VC
599/2023	04-04-2023	Conceder a licenza para a instalación dunha terraza consistente en sete mesas con catro cadeiras cada unha durante o ano 2023 fronte ao Mesón Moncho situado na rúa Río Brexa, Barcala, Cambre, condicionado a que a terraza se instale fronte á fachada do establecemento sen exceder o fronte do local e deixando libre un espazo mínimo de 2 metros para permitir o paso de peóns, cadeiras de bebé e persoas con mobilidade reducida. Solicitante: RFC
600/2023	04-04-2023	Ordenar a MRP que regularice as obras realizadas, consistentes na reparación do muro de peche da parcela sita en Pena, Sigrás, que linda coa estrada de titularidade estatal (N-550), debendo para isto presentar unha comunicación previa, xustificando cunha memoria técnica valorada o arranxo realizado
601/2023	04-04-2023	Ordenar aos herdeiros de JMBP que retiren os materiais residuais (restos de tellas, entullos, papeis e cartóns de sacos de cemento ou similar, plásticos), existentes na finca sita en Espiñeiro-Brexo
602/2023	04-04-2023	Rendabilizar excedentes temporais de tesourería por importe de 8.000.000 euros, mediante a súa colocación a prazo fixo por un período de 1 ano, solicitando a tal fin a presentación de ofertas as entidades financeiras con sede na praza

## **5.- ASUNTOS SOBREVIDOS**

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal, manifesta que desexa someter a consideración da Xunta de Goberno Local os seguintes asuntos:

- Proposta da prórroga do contrato "Asistencia técnica para o servizo de control de calidade das obras promovidas polo concello de Cambre". Exp: 2020/C004/000021.
- Proposta da prórroga do contrato "Servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras promovidas polo Concello de Cambre". Exp: 2020/C004/000022.
- Proposta de adxudicación do contrato menor correspondente á subministración e instalación de mobiliario para dotar ao novo local da parroquia de Cela, á empresa KL-1 Mobiliario de oficina S.L. Exp: 2023/C002/000017

A Sra. Pan Lesta intervén e manifesta que xustifica a urxencia dos asuntos pola necesidade de acelerar a súa tramitación.

A Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia dos asuntos anteriormente citados, e é aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

**A) PROPOSTA DA PRÓRROGA DO CONTRATO “ASISTENCIA TÉCNICA PARA O SERVIZO DE CONTROL DE CALIDADE DAS OBRAS PROMOVIDAS POLO CONCELLO DE CAMBRE”. EXP: 2020/C004/000021**

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 10 de abril de 2023 (CVD: Vd8SfnK9rFQLuN3TCehx), que transcrita di:

**“PROPOSTA DA CONCELEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do día 15.06.2021 adjudicou o “Servizo de control de calidade das obras promovidas polo Concello de Cambre (2021-2022)”, a prol do licitador “3C Calidad y Control Sociedad Cooperativa Galega”, no prezo anual ofertado en base ao control cuantitativo, cualitativo e informes de 13.009,04 euros sen IVE, 15.740,94 euros IVE incluído, e unha porcentaxe de baixa global ofertada sobre os prezos unitarios do Anexo I do PPT do 24,10 %.

Visto que con data do 30.06.2021 formalizouse coa empresa 3C CALIDAD Y CONTROL SOCIEDAD COOPERATIVA GALEGA o contrato correspondente ao “*Servizo de calidade das obras promovidas polo Concello de Cambre*”, en cuxa cláusula IV se di:

“(…)

*De conformidade coa cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares, e epígrafe 6 do Cadro de Características, o prazo de duración do contrato será de DOUS anos a contar dende o día seguinte ao da formalización do contrato en documento administrativo, con posibilidade dunha prórroga, ata un máximo dun ano, é dicir, para a execución das obras promovidas no exercicio orzamentario do 2023, previo acordo adoptado polo órgano de contratación cunha antelación de dous meses ao final do contrato principal e sen que a duración total do contrato poida superar o tres anos.*

*A prórroga así acordada será obrigatoria para o adxudicatario, tal e como establece o artigo 29.2 da LCSP, tendo en conta que as características do contrato permanecerán inalterables.*

*Durante este prazo o contratista estará obrigado a realizar todos os traballos de control de calidade que se lle encomenden polo Concello até o límite orzamentario máximo autorizado.*

*No caso de que a obra ou obras obxecto do control de calidade non finalizasen dentro do prazo de execución do presente contrato, a empresa adxudicataria deberá continuar prestando os seus servizos de control ata a finalización das mesmas, aos prezos fixados no presente contrato e sen que supoña, por tanto, incremento no prezo de adjudicación, producíndose en consecuencia a ampliación de prazo de execución do contrato só polo que respecta á referida obra ou obras e ata a súa finalización, previos aos axustes orzamentarios e contables correspondentes (existencia de crédito adecuado e suficiente) aprobados polo órgano de contratación”.*

Vista a solicitude presentada con data do 15.03.2023 por dona Ana María Romero Martínez, representante da empresa 3C Calidad y Control Sociedad Cooperativa Galega, rexistrada de entrada ao núm. 202399900001527, á que achega escrito no que solicita a prórroga por un ano máis do contrato do “Servizo de control de calidade das obras promovidas polo concello de Cambre”.

Visto que pola responsable do contrato, a arquitecta técnica, emitiuse informe con data do 23.03.2023 (CVD: Ip0ZWnJDU+5vxNBHbaq/) que di:

*(...)En relación coa solicitude efectuada con data 15/03/2023 por Ana María Romero Martínez, representante da empresa 3C Calidad y Control Sociedad Cooperativa Galega, e con nº re 999/01527, na que xunta escrito no que solicita a prórroga do contrato do servizo de control de calidade das obras promovidas polo concello de Cambre, e, á vista da boa execución infórmase o seguinte:*

#### ANTECEDENTES

**1.** Xunta Goberno Local 15 de xuño 2021. Proposta de adxudicación do “Servizo de control de calidade das obras promovidas polo Concello de Cambre (2021-2022)”, a prol do licitador “3C Calidad y Control Sociedad Cooperativa Galega”, no prezo anual ofertado en base ao control cuantitativo, cualitativo e informes de 13.009,04 euros sen IVE, 15.740,94 euros IVE incluído e unha porcentaxe de baixa global ofertada sobre os prezos unitarios do Anexo I do PPT do 24,10 %.

**2.** No punto 16, Plazo de execución do “PLIEGO DE PRESCRIPCIONES TÉCNICAS PARA LA CONTRATACIÓN DEL SERVICIO DE CONTROL DE CALIDAD DE LAS OBRAS PROMOVIDAS POR EL AYUNTAMIENTO DE CAMBRE (2021-2022)”, reflicte que: “El plazo de duración del contrato será de DOS años a contar desde el día siguiente al de la formalización del contrato en documento administrativo, con posibilidad de una prórroga, hasta un máximo de otro año, es decir, para la ejecución de las obras promovidas en el ejercicio presupuestario del 2023, previo acuerdo adoptado por el órgano de contratación con una antelación de dos meses al final del contrato principal y sin que la duración total del contrato pueda superar los tres años. La prórroga así acordada será obligatoria para el adjudicatario, tal y como establece el artículo 29.2 de la LCSP, teniendo en cuenta que las características del contrato permanecerán inalterables.

**3.** Por outra banda o punto 9, Plazo de duración del contrato, do “PLIEGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA LA CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABIERTO SIMPLIFICADO, CON PLURALIDAD DE CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN (CON APLICACIÓN DE JUICIOS DE VALOR Y CRITERIOS DE APRECIACIÓN AUTOMÁTICA), DEL SERVICIO DE CONTROL DE CALIDAD DE LAS OBRAS PROMOVIDAS POR EL AYUNTAMIENTO DE CAMBRE (2021-2022)” reflicte que: “El plazo de duración del contrato será de DOS años a contar desde el día siguiente al de la formalización del contrato en documento administrativo, con posibilidad de una prórroga, hasta un máximo de un año, es decir, para la ejecución de las obras promovidas en el ejercicio presupuestario del 2023, previo acuerdo adoptado por el órgano de contratación con una antelación de dos meses al final del contrato principal y sin que la duración total del contrato pueda superar los tres años.”

*“La prórroga así acordada será obligatoria para el adjudicatario, tal y como establece el artículo 29.2 de la LCSP, teniendo en cuenta que las características del contrato permanecerán inalterables. Durante este plazo el contratista estará obligado a realizar todos los trabajos de control de calidad que se le encomienden por el Ayuntamiento hasta el límite presupuestario máximo autorizado.*

*En el supuesto de que la obra u obras objeto de control de calidad no finalizaran dentro del plazo de ejecución del presente contrato, la empresa adjudicataria deberá continuar prestando sus servicios de control de calidad hasta la finalización de las mismas, a los precios fijados en el presente contrato y sin que suponga, por tanto, incremento en el precio de adjudicación, produciéndose en consecuencia la ampliación de plazo de ejecución del contrato solo por lo que respecta a la referida obra u obras y*

*hasta su finalización, previos los ajustes presupuestarios y contables correspondientes (existencia de crédito adecuado y suficiente) aprobados por el órgano de contratación. ”*

#### INFORME

*Considerando que a empresa 3C Calidad y Control Sociedad Cooperativa Galega estivo realizando a satisfacción do concello a asistencia técnica para o servizo coordinación de seguranza e saúde, nas anualidades 2021-2022, non existe inconveniente algún en acceder á prorroga para a anualidade 2022-2023 de dita asistencia, de conformidade co establecido non puntos anteriores”.*

Visto o informe favorable emitido pola técnica de xestión de administración xeral, coa conformidade da secretaria xeral de data 03.04.2023 (CVD: 0dM2Vy+o433ozncpCCR9).

Visto o informe de fiscalización favorable, JUA 123/2023, emitido polo interventor municipal con data de 08.04.2023 (CVD: 2sxtLLETvh1xHvKsxdgw).

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Prorrogar o contrato do “Servizo de control de calidade das obras promovidas polo Concello de Cambre” ata o 31.12.2023 (expediente TEdC 2020/C004/000021) nos mesmos termos nos que foi adjudicado.

**Segundo:** Notificar este acordo aos interesados e dar traslado del, a través da plataforma TEdC, á responsable do contrato e á Intervención municipal.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 10 de abril de 2023 (CVD: Vd8SfnK9rFQLuN3TCehx), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

**B) PROPOSTA DA PRÓRROGA DO CONTRATO “SERVIZO DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS PROMOVIDAS POLO CONCELLO DE CAMBRE”. EXP: 2020/C004/000022**

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 10 de abril de 2023 (CVD: HKAE34hIAJVb2nxJHHL4), que transcrita di:

### **“PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do día 06.07.2021 adxudicou o “Servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras promovidas polo Concello de Cambre (2021-2022)”, a prol do licitador “Gallega de Coordinaciones, S.L.” no prezo ofertado para os dous anos de contrato de 15.370,00 € sen IVE (18.597,70€ IVE incluído).

Visto que con data do 14.07.2021 formalizouse coa empresa *Gallega de Coordinaciones, S.L.* o contrato correspondente ao “Servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras promovidas polo Concello de Cambre (2021-2022)”, en cuxa cláusula IV se di:

“(…)

*De conformidade coa cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares, e epígrafe 6 do Cadro de Características, o prazo de duración do contrato será de DOUS anos a contar dende o día seguinte ao da formalización do contrato en documento administrativo, con posibilidade dunha prórroga, ata un máximo dun ano, é dicir, para a execución das obras promovidas no exercicio orzamentario do 2023, previo acordo adoptado polo órgano de contratación cunha antelación de dous meses ao final do contrato principal e sen que a duración total do contrato poida superar os tres anos.*

*A prórroga así acordada será obrigatoria para o adxudicatario, tal e como establece o artigo 29.2 da LCSP, tendo en conta que as características do contrato permanecerán inalterables.*

*Durante este prazo o contratista estará obrigado a realizar todos os traballos de coordinación de seguridade e saúde que se lle encomenden polo Concello até o límite orzamentario máximo autorizado.*

*No caso de que a obra ou obras obxecto da coordinación de seguridade e saúde non finalizasen dentro do prazo de execución do presente contrato, a empresa adxudicataria deberá continuar prestando os seus servizos de coordinación de seguridade e saúde ata a finalización das mesmas, aos prezos fixados no presente contrato e sen que supoña, por tanto, incremento no prezo de adxudicación, producíndose en consecuencia a ampliación de prazo de execución do contrato só polo que respecta á referida obra ou obras e ata a súa finalización, previos aos CVD: yLvqTbfbWU416RC0/3Vw Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. axustes orzamentarios e contables correspondentes (existencia de crédito adecuado e suficiente) aprobados polo órgano de contratación”.(…)*

Vista a solicitude presentada con data do 13.03.2023 por don Francisco Jesús Cobas Fernández, representante da empresa Gallega de Coordinaciones, S.L, rexistrada de entrada ao núm. 202399900001434, á que achega o escrito no que solicita a prórroga por un ano máis do contrato do “Servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras promovidas polo Concello de Cambre (2021-2022)”.

Visto que pola responsable do contrato, a arquitecta técnica, emitíuse informe con data 23.03.2023 (CVD: 7P3c0eN1y6KHLIDrPMek) que di:

“(…)

En relación coa solicitude efectuada por Francisco Jesús Cobas Fernández con data 13/03/2023 e con nº re 999/01434, na que xunta escrito no que indica o seguinte: "Dicho contrato contempla la posibilidad de realizar una prórroga del mismo de hasta un año de conformidad con la cláusula 9 del Pliego de cláusulas administrativas particulares epígrafe 6 del Cuadro de Características con el fin de incluir la ejecución de las obras promovidas en el ejercicio presupuestario del año 2023 previo acuerdo adoptado por el órgano de contratación, SOLICITA que atendiendo a las cláusulas arriba citadas se proceda a tramitar por parte del órgano de contratación del Concello de Cambre la ampliación del contrato por un año más.", á vista da boa execución infórmase o seguinte:

#### ANTECEDENTES

**1.** Xunta Goberno Local 6 de xullo 2021. Proposta de adxudicación "Servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras promovidas polo Concello de Cambre (2021-2022)", a prol do licitador "Gallega de Coordinaciones, S.L". no prezo ofertado para os dous anos de contrato de 15.370,00 € sen IVE (18.597,70€ IVE incluído). Expte: 2020/C004/000022. Con acuse de recibo de 07/07/2021.

**2.** No punto 15, Prazo de execución do "PLIEGO DE PRESCRIPCIONES TÉCNICAS PARTICULARES PARA LA CONTRATACIÓN DE LOS SERVICIOS DE COORDINACIÓN DE SEGURIDAD Y SALUD DE LAS OBRAS PROMOVIDAS POR EL AYUNTAMIENTO DE CAMBRE", reflicte que: "El plazo de duración del contrato será de DOS años a contar desde el día siguiente al de la formalización del contrato en documento administrativo, con posibilidad de una prórroga, hasta un máximo de otro año, previo acuerdo adoptado por el órgano de contratación con una antelación de dos meses al final del contrato principal y sin que la duración total del contrato pueda superar los tres años. La prórroga así acordada será obligatoria para el adjudicatario, tal y como establece el artículo 29.2 de la LCSP, teniendo en cuenta que las características del contrato permanecerán inalterables".

**3.** Por outra banda o punto 9, Plazo de duración del contrato, do "PLIEGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA LA CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABIERTO SIMPLIFICADO, CON PLURALIDAD DE CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN (CON APLICACIÓN DE JUICIOS DE VALOR Y CRITERIOS DE APRECIACIÓN AUTOMÁTICA), DEL SERVICIO DE COORDINACIÓN DE SEGURIDAD Y SALUD DE LAS OBRAS PROMOVIDAS POR EL AYUNTAMIENTO DE CAMBRE (2021-2022)" reflicte que: "El plazo de duración del contrato será de DOS años a contar desde el día siguiente al de la formalización del contrato en documento administrativo, con posibilidad de una prórroga, hasta un máximo de un año, es decir, para la ejecución de las obras promovidas en el ejercicio presupuestario del 2023, previo acuerdo adoptado por el órgano de contratación con una antelación de dos meses al final del contrato principal y sin que la duración total del contrato pueda superar los tres años."

"La prórroga así acordada será obligatoria para el adjudicatario, tal y como establece el artículo 29.2 de la LCSP, teniendo en cuenta que las características del contrato permanecerán inalterables. Durante este plazo el contratista estará obligado a realizar todos los trabajos de coordinación de seguridad y salud que se le encomienden por el Ayuntamiento hasta el límite presupuestario máximo autorizado. En el supuesto de que la obra u obras objeto de coordinación no finalizaran dentro del plazo de ejecución del presente contrato, la empresa adjudicataria deberá continuar prestando sus servicios de coordinación de seguridad y salud hasta la finalización de las mismas, a los precios fijados en el presente contrato y sin que suponga, por tanto, incremento en el precio de adjudicación, produciéndose en consecuencia la ampliación de plazo de ejecución del contrato solo por lo que respecta a la referida obra u obras y hasta su finalización, previos los ajustes presupuestarios y contables correspondientes (existencia de crédito adecuado y suficiente) aprobados por el órgano de contratación. "

#### INFORME

Considerando que a empresa Gallega de Coordinaciones. S.L. estivo realizando a satisfacción do concello a asistencia técnica para o servizo coordinación de seguranza e saúde, nas anualidades



*2021-2022, non existe inconveniente algún en acceder á prorroga para a anualidade 2022-2023 de dita asistencia, de conformidade co establecido non puntos anteriores."*

Visto o informe favorable emitido pola técnica de xestión de administración xeral, co conforme da secretaria xeral de data 03.04.2023, (CVD: 0dM2Vy+o433ozncpCCR9).

Visto o informe de fiscalización favorable, JUA 122/2023, emitido polo interventor municipal con data de 08.04.2023 (CVD: qa9J60eO8qp3pM8mMAA0).

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

**Primeiro:** Prorrogar o contrato do "Servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras promovidas polo Concello de Cambre" (expediente TEDeC 2020/C004/000022), ata o 31.12.2023, nos mesmos termos nos que foi adxudicado.

**Segundo:** Notificar este acordo ao adxudicatario e dar traslado del, a través da plataforma TEDeC, á responsable do contrato e á Intervención municipal.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente."

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 10 de abril de 2023 (CVD: HKAE34hIAJVb2nxJHHL4), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

**C) PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR CORRESPONDENTE Á SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE MOBILIARIO PARA DOTAR AO NOVO LOCAL DA PARROQUIA DE CELA, Á EMPRESA KL-1 MOBILIARIO DE OFICINA S.L. EXP: 2023/C002/000017**



A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 10 de abril de 2023 (CVD: 9mnZWyeuQNsFpGaGGqJB), que transcrita di:

### “PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o informe técnico de necesidade asinado polo coordinador de actividades culturais e educativas, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude e a concelleira de Economía, Facenda e Recursos Humanos, con data do 15.03.2023 (CVD: hi84KMotjWl4O9OqVlc/), cun importe de licitación de 9.996,00 euros sen IVE, 12.095,16euros IVE incluído.

Visto o anuncio de licitación publicado na PLACSP con data do 21.03.2023, no que se fai constar:

*“Plazo de Presentación de Oferta Hasta el 28/03/2023 a las 23:59*

*Observaciones: 5 días hábiles*

*- Las ofertas deberán presentarse a través de la sede electrónica del Ayuntamiento de Cambre (sede.cambre.es) de acuerdo con los modelos de oferta económica y declaración responsable publicados en la presente licitación”.*

Visto que consta no expediente o documento de retención de crédito por importe de 12.095,16 euros con cargo á aplicación orzamentaria 933 62500.

Visto o informe de selección do contratista emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas con data do 03.04.2023 (CVD: u0g4WS8HDyBbwHMyV+PB), no que di:

“(…)

**Primeiro:** Presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
KL-1 MOBILIARIO DE OFICINA, S.L.	8.364,30 €	10.120,80 €
SUMINISTROS VILA DE CAMBRE S.A.	9.586,77 €	11.600,00 €

**Segundo:** Tendo en conta que o criterio de selección da oferta máis vantaxosa é o prezo ofertado á baixa respecto ao orzamento máximo de licitación, **PROPOÑO:**

Adxudicar o contrato menor correspondente ao suministro e instalación de mobiliario para dotar ao novo local da parroquia de Cela, a empresa KL-1 Mobiliario de oficina S.L., con NIF: B15573207, domicilio Travesía Portiño, 2, CP 15142, Suevos, Arteixo, A Coruña, no prezo ofertado de 8.364,30 € (sen IVE), 10.120,80 € (IVE incluído), por ser a empresa que fixo a oferta con maior baixada sobre o importe fixado polo Concello.

(…)”.

Visto o informe desfavorable emitido pola técnica de xestión de administración xeral, coa conformidade da secretaria xeral, con data do 05.04.2023 (CVD: 2GZa1N04S7KRPz8D2cF0), no que di:

“(…)

*A xuízo da técnica que subscribe, estamos ante unha contratación previsible, á que tampouco pode atribuírselle o carácter de urxente, pois a falta de planificación dunha contratación previsible non a define como tal. En consecuencia, non se cumpren os requisitos legais esixidos para poder aplicar o contrato menor, evitando a tramitación ordinaria e, con ela, a publicidade, libre concorrência, igualdade e transparencia que debe presidir toda a contratación pública.*

*Convén precisar que, se ben esta contratación foi publicada na PLACSP con data do 21.03.2023 (facéndose constar no anuncio de licitación que se abría un prazo de presentación de ofertas de 5 días hábiles, a través da sede electrónica deste Concello), a dita publicación non cumpre por si sola os requirimentos legais esixidos, xa que a LCSP é taxativa cos procedementos de contratación que poden aplicarse en cada suposto, e non reunindo esta contratación os requisitos propios do contrato menor, non se axusta á normativa a súa tramitación como tal. En definitiva, a súa publicación na PLACSP nin subsana nin completa, nin en todo nin en parte, a falla do procedemento establecido na normativa de aplicación; cuestión esta que non resulta baladí, pois o procedemento administrativo é a garantía de que a Administración opera con sometemento pleno á Lei e ó Dereito.*

*Non se estudan o resto dos extremos do expediente, tanto de forma como de fondo porque, a xuízo da que subscribe, non procede a súa aprobación.*

#### CONCLUSIÓN:

*En atención ao exposto, infórmase desfavorablemente o expediente relacionado neste informe, que consta na plataforma TEdE co número 2023/C002/000017.*

“(…)”.

Visto o informe de fiscalización JUA NUM 124/2023 - REPARO 31 R, desfavorable sen efectos suspensivos, emitido polo interventor municipal con data do 10.04.2023 (CVD: cuiPHI26s7syDgu3ycdo).

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

#### ACORDO:

**Primeiro:** Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor núm. 2023/C002/000017 cuxo obxecto do contrato é a subministración e instalación do mobiliario para dotar ao novo local social da parroquia de Cela, con cargo á aplicación orzamentaria 933 62500.

**Segundo:** Adxudicar o contrato menor correspondente á subministración e instalación de mobiliario para dotar ao novo local da parroquia de Cela, á empresa KL-1 Mobiliario de oficina S.L., con NIF: B15573207, domicilio Travesía Portiño, 2, CP 15142-Suevos, Arteixo, A Coruña, no prezo ofertado de 8.364,30 € (sen IVE), 10.120,80 € (IVE incluído), por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao criterio de valoración establecido.

**Terceiro:** Designar responsable do contrato ao coordinador de actividades culturais e educativas, don José Luis Martínez Názara, a quen corresponde supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Cuarto:** Notificar ao adxudicatario, para que execute o contrato nas condicións acordadas, coa incorporación da correspondente factura, unha vez conformada pola responsable do contrato.

**Quinto:** Dar traslado deste acordo, a través da plataforma de administración electrónica TEdC, ao interventor municipal e ao responsable do contrato.

**Sexto:** Publicar o presente acordo no termos establecidos nos artigos 63.4 e 346.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e artigo 8.1 a) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Este acordo, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa. A teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnala directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 10 de abril de 2023 (CVD: 9mnZWyeuQNsFpGaGGqJB), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

## **6.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formula ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e quince minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo